


Informe final de AVALIACIÓN DO PAT

Facultade de Educación e Traballo Social



Curso 2022-2023
R2-DO0203 P1



Validación pola Comisión de
Garantía Interna de Calidade

Aprobado o 21/12/2023



Centro certificado
FIDES AUDIT



Facultade de
Ciencias da Educación

Universidade de Vigo

Área de Calidade

Índice

INFORME: accións PAT 1º cuadrimestre curso 2022-2023	2
1. Presentación.....	2
BLOQUE 1. ACCIÓNS TRONCAIS DO PAT-ANEAE.....	2
Actividade 1.-Presentación e planificación de actividades do PAT-ANEAE.....	2
Actividade 5.-Reunión dos/as titores/as do PAT-ANEAE e o grupo de os/as estudantes titorizados/as.	5
BLOQUE 2. ACCIÓNS INFORMATIVAS DE INTEGRACIÓN	6
SUBBLOQUE. ACCIÓNS DE ACOLLIDA.....	6
SUBBLOQUE. ACCIÓNS ESPECÍFICAS DO PAT-ANEAE.....	7
Accións destinadas a estudantes de inicio de titulación.....	7
Accións destinadas a estudantes que non inician titulación.....	9
INFORME: Accións PAT 2º cuadrimestre curso 2022-2023.....	12
1. Presentación.....	12
BLOQUE 1. ACCIÓNS TRONCAIS DO PAT-ANEAE.....	12
Accións destinadas a estudantes de inicio de titulación.....	12
BLOQUE 2. ACCIÓNS INFORMATIVAS DE INTEGRACIÓN	13
Accións destinadas a estudantes que non inician titulación.....	13
Anexos.....	20
ANEXO IV. SÍNTESE DO INFORME PAT-ANEAE-CURSO 2022_2023	21

INFORME: accións PAT 1º cuatrimestre curso 2022-2023

1. Presentación

As accións do 1º cuatrimestre do PAT-ANEAE están dirixidas a todo o estudiantado dos graos e mestrados da Facultade de Educación e do Traballo Social de Ourense, prestando unha especial atención aos estudantes de novo ingreso e aos PIUNE. De forma adicional e máis específica, realizáronse sesións de orientación académica dirixidas a preparar aos estudantes, particularmente os de 2º e 3º curso sobre os programas de mobilidade. Tamén, se traballou cos estudantes de 4º curso para que abordaran, de forma eficaz e autónoma, as aprendizaxes adquiridas nas materias dos respectivos plans de estudos (i.e., Practicum). Do xeito adicional, proporcionouse unha formación específica sobre as saídas profesionais, vencellando as actividades programadas pola Vicerreitoría do Campus Auga coas sesións formativas que se realizaron na Facultade de Educación e Traballo Social.

BLOQUE 1. ACCIÓNS TRONCAIS DO PAT-ANEAE

Actividade 1.-Presentación e planificación de actividades do PAT-ANEAE.

Descrición. O/A coordinador/a do PAT-ANEAE ocupouse de difundir a guía do PAT-ANEAE entre o profesorado e estudiantado a través das canles de comunicación, que ten habilitadas o centro. De forma adicional, no mes de xullo do curso 2022-2023, en colaboración cos diferentes axentes que participan na execución do PAT-ANEAE (coordinadores/as do prácticum, coordinación do TFG, profesorado que colabora na sesión de orientación laboral, delegados de aula) e co estudiantado do centro, deseñouse e elaborouse un contido audiovisual, que explícita os obxectivos que desenrola o PAT, os principais axentes que colaboran na súa execución, ademais das múltiples accións, que nel se desenrolan. A edición e a gravación deste material audiovisual contou coa colaboración da área de normalización lingüística e a Vicerreitoría de Extensión Universitaria.

Delgada	Decana e PAS do centro	Títores/as
Estudantes Erasmus	Programa TFG con Alegría	PIUNE y Practicum

Gráfico 1.-Visibilización dos diferentes axentes que participan no deseño e execución do PAT-ANEAE.

O citado material audiovisual serve como presentación do PAT-ANEAE ubicado na Web da Facultade na sección do PAT-ANEAE, e tamén pasa a incorporarse a sesión de acollida, que realizou o centro no curso 2023-2024.



Gráfico 2.-Visibilización do vídeo explicativo do PAT-ANEAE, na Web da Facultade.

No período comprendido entre a última semana de xullo, preguntouse aos titores/as se desexaban renovar para o curso seguinte, solicitando achegas ou propostas para vindeiras edición. Neste caso, producíronse algunhas baixas e novas incorporacións, resultando definitiva a seguinte relación, a saber:

No grao de Educación Infantil: Valentín Iglesias Sarmiento; María del Pino Díaz Pereira; Sonia Alfonso Gil; Francisco Javier García Núñez (sustituido no segundo cuadrimestre por Carla Míguez); Almudena Alonso Ferreiro; María Ainoa Zabalza Cerdeiriña (substituída provisionalmente por Almudena Alonso).

No grao de Educación Primaria: María del Mar García Señorán; Xosé Constela Vega; María Mercedes González Vázquez; Ángeles Conde Rodríguez; Ángel Vázquez Dorrío; María Victoria Fernández Carballo-Calero (nova incorporación).

No grao de Educación Social: Sara Martínez Carrera; Deibe Fernández Simo; María Victoria Fernández Carrera; Yolanda Rodríguez Castro; Manuel Isorna Folgar; Xosé Manuel Cid Fernández.

No grao de Traballo Social: María José Vázquez Figueiredo; Mónica López Viso; Raquel Vázquez Pérez; Rubén González Rodríguez; Yolanda García Vázquez; Breogán Riobo Lois (nova incorporación).

Data de realización: A finais de xullo e primeira semana de setembro contactouse coas persoas, que van a participar na execución das accións do PAT-ANEAE do 1º cuadrimestre do curso 2022-2023. A presentación do PAT-ANEAE nos graos realizouse na sesión de acollida, que se executou o día 06/09/2022, nos catro graos do centro. Nos mestrados do centro, o PAT-ANEAE presentouse polo coordinador/a o día da sesión de acollida, que se efectuou no mes de setembro (ver, cronograma do PAT-ANEAE).

A elección de delegado/a de 1º curso realizase durante o de 1º cuadrimestre (24-27 outubro de 2022).

Elecciones 24-27 de octubre de 2022 (Ed. Infantil el 2/11/2022)

Estudiantado delegado de curso

CURSO	GRADO EI	GRADO EP	GRADO ES	GRADO TS
1º	RIVAS GARCÍA, Pablo BERTOIA, Alejandro RODRÍGUEZ, Alejandro	RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, Érika RODRÍGUEZ CHAS, Ángela	SARMIENTO BELOSO, Antía	DOMÍNGUEZ CIBEIRA, Sarah RODRÍGUEZ CASTRO, Carlota
2º	GARCÍA SOUSA, Aroa	FERNÁNDEZ CARRACEDO, Raquel MORERIAS CARCACIA, Alexia	AGUDO COLVELO, Raquel PEREZ LÓPEZ, Tania	RODRÍGUEZ PEREIRA, Lucía
3º	BORRAJO BLANCO, Lucía GONZÁLEZ VIANA, Sandra	GONZÁLEZ LOSADA, Chasua	PAZOS GONZÁLEZ, Marieta PÉREZ RODRÍGUEZ, Carla Andrea	MORENO RODRÍGUEZ, Andrea
4º	RAÑO CONDE, Clara	HERVES FORTES, Álvaro MATIAS BASTEIRO, Iria	GANDÓN AVIÓN, Sara	SÁNCHEZ VERGUEIRA, Alicia

Orientación al alumnado

- Delegadas/os de Curso
- Jornadas de acogida
- Plan de Acción Tutorial
- Movilidad
- Becas y ayudas
- Evaluación por compensación

Figura 1.-Localización dos delegados de aula na Web da Facultade. ade.

Avaliación da execución. O profesorado e persoal da administración e servizos que colaborou na execución do PAT-ANEAE (i.e., biblioteca, AUCE, técnica do FUVI, profesorado de linguas estranxeiras da Facultade) responderon, de forma positiva, ao igual que os/as delegados/as de cursos previos. Cabe significar que algúns profesores manifestaron o seu interese en participar como titores, indicándolle que no caso de producirse algunha baixa serían incorporados o vindeiro curso. En xeral, o profesorado está implicado no desenrolo do PAT, ao igual que os delegados de aula do curso anterior (2º, 3º e 4º curso dos títulos de grao do centro), que xa participaron na sesión de acollida.

Actividade 2.-Reunión coordinador/a do PAT-ANEAE e os/as titores/as.

Descrición. O/A coordinador/a convocou unha reunión cos/as titores/as do PAT-ANEAE para consensuar e concretar, atendendo as necesidades que se detectaron en cursos pasados, os puntos a incluír nas reunións co grupo de estudantes titorizados/as.

Avaliación da execución. A maioría dos/as titores/as asistiron a reunión establecida entre titores-estudantes titorizados/as, sendo unha xuntanza moi participativa e produtiva. Na sesión, por consenso, confirmouse que se continua aplicando o protocolo de contidos a tratar na primeira reunión e o procedemento a seguir para facer a convocatoria e recoller o tratado, incorporando a necesidade de adquirir e empregar o correo corporativo, así como facer fincapé nos coñecementos tecnolóxicos, que se requiren para comunicarse coa administración por vía dixital.

Data de realización: Ofrecese a posibilidade de acudir o 6 ou 7 de outubro, optando polo 7 de outubro, podendo asistir tanto presencial como virtualmente, xa que se solicita un aula integra, e unha aula do centro.

Actividade 3.-Reunión coordinador/a do PAT-ANEAE e os/as delegados de curso.

Descrición. O/A coordinador PAT-ANEAE remitiu un correo aos estudantes que actúan en calidade de delegados de aula, co propósito de poder coñecer o funcionamento do PAT-ANEAE, así como ofrecer a posibilidade de formar parte de un grupo de comunicación, para poder transmitir de forma áxil as mensaxes.

Data de realización: No primeiro cuadrimestre.

Avaliación da execución. Os delegados/as de aula mostraron interese en formar parte do grupo de comunicación, e quedaron en establecer sinerxías para valorar a posibilidade de traballar conxuntamente. Como observación e matizacións con relación a esta cuestión, **cabe resaltar que é preciso consolidar a función e rol de delegado de aula, para posteriormente ir valorando a posibilidade de incorporar a súa participación en distintas accións do PAT-ANEAE.**

Actividade 4.-Programa PIUNE: apoio a diversidade

O/A coordinador/a do programa PIUNE colaborou na xestión dos/as estudantes que solicitaron avaliación e adaptación. O coordinador PIUNE informou da previsión inicial dos estudantes PIUNE. O gabinete de orientación educativa informou aos coordinadores de grao dos estudantes do programa PIUNE, este notificou ao profesorado e coordinadores de grao. Do mesmo xeito, notificouse aos docentes o Plan de Atención individualizado comunicado pola Unidade de Atención ao Estudantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (UNATEN). **Cabe indicar que no curso 2023-2024 o servizo de atención do estudantado PIUNE e outras demandas específicas será atendido, previa firma dun convenio, polo COLEXIO OFICIAL DE PSICÓLOGOS, que se ocupará de atender as demandas específicas do estudantado da UVIGO. Tamén o correo que remitan os participantes no programa PIUNE (profesorado e estudantado) ten que ser obrigatoriamente o institucional da Uvigo, destas cuestións informará a coordinadora PIUNE, aos implicados.**

Data de realización: tras a notificación da inclusión no programa PIUNE durante o 1º cuadrimestre do curso 2022-2023.

Actividade 5.-Reunión dos/as titores/as do PAT-ANEAE e o grupo de os/as estudantes titorizados/as.

Descrición. Cada titor/a mantivo unha primeira reunión co seu alumnado para presentar o funcionamento do PAT-ANEAE e explicar a súa utilidade, e tamén posibilitou a detección das necesidades e demandas de cada grupo (Ver, Taboa 1). Tamén, efectuase unha actividade de orientación e apoio en cuestións académicas relativas aos contidos, actividades e avaliacións das materias e as demandas dos/as estudantes. Esta acción está dirixida a todo o estudantado do centro, que é realizado polos distintos docentes das materias de cada un dos graos e dos mestrados.

Taboa 1.

Relación e descrición das reunións dos/as titores/as dos graos PAT-ANEAE

CONVOCATORIAS	DESCRICIÓN	DATAS
<i>Reunión obrigatoria.</i>	O coordinador/a do PAT-ANEAE remite un correo informativo aos titores/as cos principais puntos a abordar nas reunións cos estudantes, concretando o período e lugar, no que debe efectuarse. Así como material complementario de actividades de ocio, e información sobre trámites administrativos.	1º cuadrimestre. A convocatoria debe realizarse entre os meses de outubro-novembro
<i>Reunións segundo a demanda dos/as estudantes.</i>	Os/as titores realizan un asesoramento ao seu grupo de estudantes titorizados/as ao longo do curso académico, en función das necesidades detectadas.	Tras a notificación da demanda de atención dos/as estudantes

BLOQUE 2. ACCIÓNS INFORMATIVAS DE INTEGRACIÓN

SUBBLOQUE. ACCIÓNS DE ACOLLIDA

Actividade 1. Sesión informativa nos graos e mestrados.

A primeira semana do curso académico, en concreto o **6 de setembro de 2022**, celebrese unha sesión de presentación co estudantado de 1º. Nela informase dos plans de estudos dos títulos do centro, as competencias dos títulos, a normativa do centro, os servizos administrativos, o PAT-ANEAE, os/as titores/as, e sobre os espazos (i.e., salas de estudos, laboratorio de informática), o protocolo COVID-19. Asemade, realizouse unha sesión orientada ao manexo das ferramentas tecnolóxicas, que deben coñecer os estudantes durante a súa vida académica (i.e., secretaria virtual, correo electrónico, campus remoto, MOOVI) (ver, web centro, programa semana acollida).

No *Mestrado En Dificultades De Aprendizaxe E Procesos Cognitivos* as accións de información sobre a contorna universitaria, os servizos que ofrecen a universidade e a facultade e as características específicas da titulación dirixidas ao estudantado de 1º curso desenvóléronse no marco da xornada de acollida **setembro de 2022**. Asimesmo, en setembro celebrese unha sesión formativa na biblioteca para o novo estudantado do título.

No *Mestrado En Intervención Multidisciplinar Na Diversidade En Contextos Educativos* a xornada de acollida realizouse **setembro** na Facultade de Ciencias da Educación do campus de Ourense, onde se explicaron os aspectos fundamentais sobre a planificación académica e os recursos dispoñibles para o estudantado do mestrado, indispensables para a boa marcha e o aproveitamento do curso (Adxúntase o cronograma de actividades).

No *Mestrado En Profesorado En ESO, Bacharelato, FP E Ensino De Idiomas* a xornada de presentación levouse a cabo o día **setembro**.

Data de realización: mes de setembro de 2022.

Avaliación da execución. Os/as estudantes que acudiron a sesión de acollida dos graos informaron na titoría que, na sesión de acollida, recibiron información útil para o seu manexo, nas primeiras semanas no centro.

En xeral, as xornadas tiveron moi boa acollida, dado que asistiu un número importante de estudantes de cada un dos títulos do centro.

SUBBLOQUE. ACCIÓNS ESPECÍFICAS DO PAT-ANEAE

Accións destinadas a estudantes de inicio de titulación

Actividade 1. Realízase unha sesión sobre linguas estranxeiras

Descrición. Os/as profesores/as titulares de linguas estranxeiras elaboraron un material audiovisual no que se explica a necesidade de manter e realizar, de forma continua, actividades vencellas a lingua estranxeira para manter as competencias.

Lugar e día de realización. A coordinación e titores comparten co estudantado o material para que o estudantado sexa consciente da importancia de formarse, de forma lonxitudinal, na adquisición de linguas estranxeiras, incídese especialmente nos estudantes de 1º, dos títulos do Grao en Educación Primaria e de Educación Infantil.

Avaliación da execución. A participación dos/as estudantes foi baixa. Para tratar de mellorar esta cuestión crease un material audiovisual sinxelo con modelos de referencia positivos de compañeiros que fixeron as prácticas no estranxeiro, mostrando as posibilidades que ofrece a adquisición de competencias lingüísticas en diferentes idiomas.




Gráfico 3.-Contido Plan de galeguización e plan de internalización e inclusión da Facultade de Educación e Traballo Social.


Suxestión de mellora. Sería recomendable integrar este material audiovisual na sesión de acollida do próximo curso académico para chegar ao estudantado de novo ingreso. Tamén se considera recomendable difundilo curso 2023-2024 para achegalo a todo o estudantado.

Actividade 2. Realízase unha sesión informativa sobre AUCE

Descrición. Os responsables de AUCE organizaron unha exposición con POWE POINT para explicar as diversas actividades e proxectos que posúe a asociación, e as posibilidades que ofrece aos estudantes do campus.

Lugar e día de realización. Levouse a cabo, no mes de outubro de forma presencial, no horario lectivo dos estudantes en cada un dos títulos de grao do centro, para achegarse ao maior número de estudantado posible.

Avaliación da execución. Aplicouse a medida de mellora recomendada o curso académico anterior, tendo unha boa acollida entre o estudantado (queda recollida a folia de firma de asistencia na MOOVI de cada grao). A valoración deste actividade polos asistentes foi positiva (ver, testemuña)



LA CHARLA INFORMATIVA DE AUCE FUE MUY INTERESANTE, ME HA RESULTADO MUY ÚTIL YA QUE NO TENÍA CONOCIMIENTO DE ESTA. ADemás, YA ESTABA BUSCANDO CONSIDERA LA INSCRIPCIÓN DEL CURSO DE MONITOR DE TIEMPO LIBRE. ME HA GUSTADO MUCHO LA CHARLA.

—

La charla ha sido muy interesante. Me parece una muy buena iniciativa de la asociación y la verdad me gustaría participar.

—

Esta charla me sirvió para descubrir el gran emprendimiento que hay para complementar la experiencia universitaria, teniendo actividades para cualquier persona.

Texto 1. Valoración do estudantado da actividade realizada.

Suxestión de mellora. Esta sesión quedará extinguida, xa que a orientación do cronograma do PAT-ANEAE do curso 2023-2024 orientase a seleccionar e priorizar aquelas actividades que sexan moi específicas do PAT-ANEAE.

Actividade 3. Formación autónoma sobre o funcionamento da biblioteca

Descrición. Nos graos propúxose un curso *online* vencellado a colaboración de distintos profesores das titulacións, que son quen establecen as datas de inicio e finalización do curso *Infórmate coa Biblio!!* Este trata de facilitar o seu coñecemento, funcionalidade e recursos dos que dispón a biblioteca.

Avaliación da execución. A participación dos estudantes nos graos non foi moi alta.

Propostas de mellora. Suxírese que participación na formación sobre a normativas de citación teña un valor no proceso de avaliación das materias, como incentivo na participación. Nesta cuestión sería de interese que fora abordada por coordinadores de curso e grao, para valorar incentivos para a adquisición desta competencia.

Actividade 4. Información e orientación laboral

Descrición. Fundamentalmente a coordinación do título de **Mestrado en dificultades de aprendizaxe e procesos cognitivos** trasladouse información mediante a plataforma MOOVI, email, oralmente na aula, web do mestrado sobre as bolsas de formación, programas de mobilidade, habilitación do mestrado de dificultades e aprendizaxe para impartir docencia en centros privados, convocatorias de oposición e de bolsas de traballo.

Data. Durante o 1º cuatrimestre do 2022 segundo proceda

Accións destinadas a estudantes que non inician titulación

Actividade 1. Instrución e seguemento do prácticum.

Descrición. O coordinador/a do prácticum dos graos de Educación Infantil e Primaria presentou o prácticum aos estudantes de 4º curso dos graos. O coordinador do Grao de Traballo Social informou de, forma presencial, das directrices fundamentais do prácticum. O/A coordinador/a do mestrado en intervención multidisciplinar na diversidade en contextos educativos, presentou de forma presencial, información e formación específica sobre a temática e presentase aos titores/as. No grao de Educación Social, o/a coordinador e coordinadora realizaron reunións a finais de maio, cos estudantes que realizaron o practicum neste curso. En concreto, fíxose unha reunión en segundo curso, para preparar o practicum de 3º e outra reunión con 3º para o practicum de 4º.

Posteriormente, cada profesor/a responsable de un grupo de estudantes, titorizou ese grupo de xeito permanente, comézase cunha reunión en xuño, e continuando de forma máis individualizada durante todo o curso seguinte.

Data de realización. No mes de novembro

Cuestións a destacar. **As coordinacións do prácticum fixeron un esforzo importante na elaboración das adaptacións do regulamento das prácticas ao normativa vixente.** Tamén o equipo decanal levou a cabo todos os procedementos administrativos precisos para facilitar a aprobación dos novos regulamentos do prácticum dos graos de educación, de educación social, e de traballo social.

Actividade 2. Instrución e seguemento do TFM.

Descrición. Seminario sobre a realización do TFM, no **Mestrado en intervención multidisciplinar na diversidade en contextos educativos**, novembro de 2022. Nesta sesión apórtase información e formación sobre as materias de carácter máis singular (TFM). Ofrécese consello e orientación para favorecer a toma de decisión máis acertada e satisfactoria para efectuar unha execución óptima do TFM. Os obxectivos xerais son os que seguen:

- Coñecer a normativa e guía didáctica da materia TFM.
- Describir as diferentes posibilidades de enfoque do traballo fin de máster.

- Valorar as temáticas elixidas polo estudiantado de cara a facelas viables.
- Orientar no desenvolvemento dos diferentes procesos que supoñen a realización do traballo fin de máster.

Impacto da actividade (número de estudante, consultas...): 20 alumnos/as. Non se ten rexistro sobre as consultas efectuadas polo alumnado.

Destacar (se é pertinente aspectos a mellorar e positivos): Inclúe unha sesión na Biblioteca Rosalía de Castro, onde abordan como procurar literatura científica en diferentes bases de datos. Polo número de alumnado matriculado, trátase dunha actividade que suscita moito interese.

Lugar e día de realización. 8 a 10/11/2022. Seminario de apoio para a realización do TFM

Actividade 3. Realízase unha sesión informativa sobre as prácticas extra-curriculares.

Descrición. O técnico de Fundación Universidade explicou, co apoio do POWER POINT, as diversas posibilidades, que existen para realizar prácticas extracurriculares nos títulos de Educación.

Lugar e día de realización. Levouse a cabo, de forma presencial, no horario lectivo dos estudantes coa colaboración do profesorado dos títulos de grao de Educación.

Avaliación da execución. A asistencia e participación dos estudantes foi importante, mostrando interese na temática. Tal e como evidencian os seguintes datos.





Figura 2. Valoraçión do estudiantado da actividade realizada.



Cuestións a destacar. Dado que a normativa das prácticas na universidade require que os estudantes estean dado de alta na seguridade social, **esta actividade no curso 2023-2024 adiouse, considerando inicialmente que non resulta pertinente as sesións formativas presenciais, en todo caso podería informarse a través dunha presentación ou díptico das cuestións básicas.**

Actividade 4. Realízase unha sesión informativa sobre os programas de mobilidade.

Descrición. O/A coordinadora dos programas de mobilidade explicou as distintas bolsas de mobilidade, as que poden postularse os/as estudantes e os requisitos e documentación, que deben preparar. Neste caso a responsabilidade foi asumida pola profesora María Zabalza.

Lugar e día de realización. Levouse a cabo varias sesións formativas e de seguimento para apoiar e orientar ao estudantado no proceso de selección e incorporación dos seus destinos.

Avaliación da execución. A asistencia e participación dos estudantes foi importante, mostrando interese na temática, dende cursos iniciais.

INFORME: Accións PAT 2º cuatrimestre curso 2022-2023**1. Presentación**

As accións do 2º cuatrimestre do PAT-ANEAE están dirixidas a todo o estudiantado dos graos e mestrados da Facultade de Educación e do Traballo Social de Ourense, aínda que se apoia moi especialmente aos estudantes de novo ingreso e aos PIUNE. De forma adicional e máis específica, realizáronse sesións de orientación académica dirixidas a preparar aos estudantes, particularmente os de 2º curso sobre a elección do itinerario académico vencellado as mencións dos graos de Educación Infantil e de Educación Primaria. De forma complementaria, ofrécese xornadas formativas de inserción laboral, particularmente aos estudantes de 4º, aínda que se posibilita esta oferta formativa a estudantes doutros cursos (i.e., 2º dos graos de educación infantil e de educación primaria). Tamén, se traballou cos estudantes de 4º curso para que abordaran, de forma eficaz e autónoma, as aprendizaxes adquiridas nas materias dos respectivos plans de estudos (i.e., TFG e Practicum). **Por último, crease un curso de formación en cuestións administrativas para que o estudiantado adquira as competencias dixitais precisas para comunicarse coa administración, achegando este recurso a todos os títulos da Facultade a través da formación ofrecida por un técnico en informática.** Trabállase cos delegados/as de aula para crear unha rede cos/as estudantes, en especial cos que están en cursos superiores a 1º, de cara a incentivar a motivación polas accións do PAT-ANEAE, algúns xa participan no desenrolo das actividades do PAT-ANEAE.

BLOQUE 1. ACCIÓN TRONCAIS DO PAT-ANEAE**Accións destinadas a estudantes de inicio de titulación****Actividade 1.-Reunión dos/as titores/as do PAT-ANEAE e o grupo de os/as estudantes titorizados/as.**

Descrición. Cada titor/a mantivo unha segunda reunión co seu alumnado para valorar a marcha do curso académico, recoller as achegas que permitan mellorar o funcionamento da Facultade e dos Títulos, ademais de ofrecerlle orientacións de cara ao vindeiro curso académico. Tamén, se avalía e a percepción, que teñen do funcionamento do PAT-ANEAE, tratando de coñecer se o valoran como unha ferramenta útil. Lévese a cabo unha actividade de orientación e apoio en cuestións académicas relativas aos contidos, actividades e avaliacións das materias e as demandas dos/as estudantes. Esta acción está dirixida a todo o alumnado do centro, a cal é realizada polos distintos docentes das materias de cada un dos graos e dos mestrados.

Avaliación da execución. Nesta sesións permítenos extraer as fortalezas e debilidades detectadas no PAT-ANEAE.

En xeral, os/as titores e o profesorado do centro advirten da dificultade de implicar ao estudiantado nas actividades (extra)académicas. Continuase traballando en facer visible as actividades do PAT-ANEAE, en especial cursos superiores a 1º e mestrados.

BLOQUE 2. ACCIÓNS INFORMATIVAS DE INTEGRACIÓN

Accións destinadas a estudantes que non inician titulación

Actividade 1. Información e orientación laboral no estranxeiro

Descrición. A coordinación de Título e coordinación de PAT-ANEAE difunden nos medios de comunicación a iniciativa da Facultade de informar de ofertas laborais no estranxeiro para os estudantes do Grao de Educación Infantil, a través da conferencia de *GlobalWorking*. Neste caso participaron estudantes egresados que tiñan contratos en Alemaña, para os estudantes que acudiron foron un referente significativo.

Data de realización: FEBREIRO, na Sala Emilia Pardo Bazán

Valoración. Esta actividade só acudiron un número moi reducido de estudantes, aínda que os asisten recoñecen como positivo ter esta información para tomar decisión sobre os estudos complementarios ao grao (i.e., dominio doutro idioma como pode ser o alemán).

Recomendacións de cara o futuro. Incluír nas xornadas sobre linguas estranxeiras, que se realiza en 1º curso, a necesidade de planificar a formación de cara algunhas ofertas laborais no estranxeiro, como sería no caso de Alemaña. O curso académico 2023-2024 aplicouse unha enquisa e evidenciouse que non existe interese en asistir de forma presencial nunha sesión sobre a inserción laboral en Alemaña, polo que se estima que este curso se difundiu o material informativo que existe de cursos anteriores para que aquel estudiantado interesado poidan ter información relevante.




Figura 2. Valoración do estudiantado da actividade realizada.

Actividade 2. Información e orientación sobre o Practicum e do TFG dos graos de Educación Infantil e de Primaria

Descrición. O Sr. Decano da Facultade de Educación presenta aos estudantes a acción informativa sobre o Traballo Fin de Grao e sobre o Practicum na Sala Emilia Pardo Bazán e, por extensión, aos seus relatores/as. Tamén, explica e presenta, brevemente, as bolsas, que financia a Facultade, para realizar prácticas no rural. Asimesmo, fai un breve recorrido por outras bolsas de mobilidade, as que poden acollerse e que están vencelladas ao prácticum. Seguidamente, a coordinación do PAT_ANEAE presenta esta acción de formación específica dentro do cronograma de actividades, recordando a continuidade do apoio do PAT, ao longo da súa carreira académica. Posteriormente, a prof. Coordinadora do Traballo Fin de Grao (TFG) describe aspectos administrativos e académicos asociados a realización desta materia. Neste punto, incídese na importancia da autoría do TFG e na política antiplaxio da Facultade. De forma

complementaria, as profesoras e coordinadoras do Prácticum dos graos de infantil e de primaria detallan os distintos pasos, que deben realizar os/as estudantes, antes de cursar o PRACTICUM. Tamén se incide na necesidade de adoptar unha actitude responsable e honesta cando se fai a solicitude na institución educativa acolledora. Recoméndase que no caso de querer realizar prácticas extracurriculares se soliciten e se fagan en 3º, en tanto que en 4º a normativa non o permite. A coordinadora do grao de Educación Primaria precisa que na selección do centro, ademais da proximidade, teñan en conta outras variables que definen o perfil educativo e metodolóxico do centro (i.e., modelos pedagóxicos aplicados, dinámicas do equipo docente,...). A coordinadora de Educación Infantil presenta o programa de prácticas da Fundación Princesa de Girona, concretando as súas características e expón o caso dunha estudante egresada, que obtivo e finalizou con éxito esta convocatoria. Finalmente, as relatoras contestan as diferentes dúbidas que suscitaron as cuestións abordadas.

Data. marzo de 2022, na Sala Emilia Pardo Bazán


Valoración. Dos 56 estudantes de Educación Infantil e de Educación Primaria que contestaron ás enquisas, o 71.2% pertencía ao grao de educación infantil e o 28.6% ao de primaria. O 85.7% eran de 3º e o 14.3% eran de 4º curso. O 89.3% eran homes e o 10.7% mulleres. No tócate á valoración que fan os asistentes da formación impartida pola coordinación do practicum e do Traballo fin de grao, a tendencia das resposta mostran satisfacción na información que se lle proporciona nestas sesión; así, o 23.2% outorgoulle unha puntuación de 10, fronte 1.8% que lle da unha puntuación de 3. O resto dos asistentes proporcionanlles puntuacións que están entre 5 e 10, sendo predominante as puntuación de sobresaínte. Sobre a necesidade de incluír unha sesión formativa sobre o TFG e o prácticum na súa formación e orientación académica, existe un acordo unánime nas respostas emitidas polos participantes, sendo o 55. 4% que o puntúan con un 10.

Taboa 2. Distribución pola titulación no grao de educación infantil e primaria

Por favor, concrete a TITULACIÓN

56 respostas

 Copiar




Taboa 3. Distribución polo curso no que estaban os estudantes

Por favor, concrete o curso que está a realizar

56 respostas

 Copiar




Taboa 4. Distribución en función do xénero dos estudantes

Por favor, concrete o seu xénero

56 respostas

 Copiar




Taboa 5. Distribución de frecuencias, en función da opinión que presentan os estudantes en razón da información recibida na sesión do TFG e do PRACTICUM

Por favor, valore a información que recibiu nesta acción formativa



56 respostas




Taboa 6. Sobre a necesidade de realizar unha sesión formativa sobre o TFG e o Practicum, para a súa orientación académica e profesional.

Por favor, valore se considera oportuna esta sesión para súa orientación académica e profesional



56 respostas




Apreciacións que fan os estudantes sobre a sesión do PRACTICUM

Os estudantes participantes destacan distintos aportes da acción realizada no PAT sobre a información do prácticum, a saber: 1) Resolveume dúbidas sobre os tramites a facer; 2) Os requisitos e os documentos que temos que aportar; 3) Indica como xestionar a relación nos centros; 4) Reflexionar sobre a importancia da elección do centro, datas e documentos a entregar; as orientacións e achegas que fixeron os estudantes que están facendo as prácticas; 5) A variación de oportunidades para a realización das prácticas; 6) toda a información de solicitude de centro e as diferentes posibilidades (urbano, rural, o de complementar estas prácticas co da Princesa de Girona...) e sobre todo os prazos

Apreciacións que fan os estudantes sobre a sesión do TRABALLO FIN DE GRAO

Os estudantes participantes destacan distintos aportes da acción realizada no PAT sobre a información do traballo fin de grao, a saber: 1) resolveume dúbidas das datas; 2) que hai que ter finalizadas todas as materias; 3) hai que estar matriculado na materia TFG, e como funcionan as defensas; 4) fases del TFG, ayuda y selección de los tutores, etc ; 5) O Traballo fin de grao con alegría

Sobre si o remendarían a asistencia a sesión formativa .A maioría dos estudantes contestaron que afirmativamente,



Actividade 3.1. Información e orientación laboral

3.1.1. Formación nos graos

Descrición. A sesión informativa ofrece un amplo abano de posibilidades, que ofrece o mundo laboral vencellado a Educación, dende o emprego público ata o emprendemento. Toda esta información aparece recollida no díptico, que traslada a coordinación dos títulos dos Graos de Educación Infantil e de Educación Primaria aos estudantes de 2º e 4º. Tamén se fixo unha sesión específica para os idiomas e formación nos títulos de grao de Traballo Social, que tivo moi boa acollida.

Data. Abril e marzo na Sala Emilia Pardo Bazán e na Pavillón do Campus auga integrado coa proposta da Uvigo.

Valoración. Esta actividade tivo boa acollida as proposta que se vincularon co desenrolo das materias, que facían referencia as boas prácticas, pero no resto das sesións tivo unha acollida escasa, polo que se plantexa a necesidade de facer unha enquisa para valorar as preferencias

do estudantado o próximo curso, observándose que non existe unha preferencia destacada por recibir información de forma presencial.

Taboa 2. Opinión dos estudantes que participaron nas xornadas sobre a utilidade da información sobre saídas profesionais.

Taboa 3. Opinión dos estudantes sobre se as xornadas cumpriron coas súas expectativas.

3.1.1. Formación nos mestrados

Descrición. O coordinador do PAT do Mestrado en intervención multidisciplinar na diversidade en contextos educativos difunde a información **Nome da actividade:** Xornada sobre orientación e saídas profesionais

Datas: 28/03/2023

Síntese ou descrición xeral: Análise e exposición das posibles vías e saídas profesionais a través do autoemprego tocando as formas xurídicas dispoñibles, especialmente enfocado a servizos de atención ás persoas maiores, as escolas infantís, así como o autoemprego a través de consultoría social.

Impacto da actividade (número de estudante, consultas...): 5 persoas (alumnos/as e profesorado do máster).

Non se ten rexistro sobre as consultas efectuadas polo alumnado.

Destacar (se é pertinente aspectos a mellorar e positivos):

Este tipo de actividades sobre saídas profesionais son moi demandadas polo alumnado. Non obstante, a pesar de orientalas aos relatores que eles/elas nos solicitan, logo non teñen unha asistencia elevada.

Sería necesario abordar se as xornadas con esta finalidade, poderían organizarse (no marco do PAT) de xeito conxunto entre os diferentes títulos de máster do centro (mesmo tamén con algúns títulos de grao).




Actividade 3.2. Información e sobre as mencións

Descrición. Fundamentalmente a coordinación do título do Grao de Educación Infantil e de primaria informan de cada un dos itinerarios das mencións e das implicacións, que a elección vai a ter, para súa carreira profesional (i.e., oposicións, traballo en centros privados).

Data. Marzo no horario lectivo dos estudantes en colaboración co profesorado.

Valoración. Esta actividade foi valorada moi positivamente, tal e como evidencian os seguintes datos.

Tabla 4. Opinión dos estudantes sobre se a información recibida sobre as mencións.



Anexos

ANEXO I. ACTAS TITORES 1º CUADRIMESTRE

ANEXO IV. SÍNTESE DO INFORME PAT-ANEA- CURSO 2021_2022
CUESTIÓN NAS QUE SE AVANZARON
Crear contido dixital que permite difundilo en todos os títulos de forma áxil
Introducir accións formativas específicas na dinámica do desenrolo académico (mencións)
Introducir aos delegados de aula nas sesións de acollida
Introducir exemplos de estudantes referentes para motivar a participación nas actividades
Seguir proporcionando formación sobre a sinatura dixital e a realización de trámites coa administración por vía dixital
Plantexar actividades según a demanda dos estudantes
SUXERENCIAS DE MELLORA
<ol style="list-style-type: none"> 1) Participación dos delegados de aula no desenrolo das accións específicas. 2) Seleccionar as accións específicas de maior interese para optimizar os recursos